



## **CIRCULAR 25-2021.**

### **IV CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA 2021**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).** A Federación Galega de Atletismo organiza o IV Control en Pista Cuberta 2021 o día 13 de marzo de 2021, na pista cuberta de Ourense en Expourense.

**Art.2).** Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

<b>HORARIO PROVISIONAL IV CONTROL INVERNO XORNADA DE MAÑÁ - 13/03/2021</b>			
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>SEXO</b>	<b>SERIE</b>
11:42	60 Sub 12	Homes	Control
11:49	60 Sub 12	Homes	Control
11:56	60 Sub 12	Homes	Control
12:03	60 Sub 12	Homes	Control
12:10	60 Sub 12	Mulleres	Control
12:17	60 Sub 12	Mulleres	Control
12:24	60 Sub 12	Mulleres	Control
12:31	60 Sub 12	Mulleres	Control
12:38	50 Sub 10	Homes	Control
12:45	50 Sub 10	Homes	Control
12:52	50 Sub 10	Mulleres	Control
12:59	50 Sub 10	Mulleres	Control

<b>HORARIO PROVISIONAL IV CONTROL INVERNO XORNADA DE TARDE - 13/03/2021</b>			
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>SEXO</b>	<b>SERIE</b>
16:51	60 Sub 14	Homes	Control
17:00	60 Sub 14	Homes	Control
17:09	60 Sub 14	Homes	Control
17:17	60 Sub 14	Mulleres	Control
17:24	60 Sub 14	Mulleres	Control
17:31	60 Sub 14	Mulleres	Control
19:16	60 mv Sub 14	Homes	Control
19:23	60 mv Sub 14	Homes	Control
19:30	60 mv Sub 14	Mulleres	Control
19:42	60 mv Sub 14	Mulleres	Control

**Art.3).** Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.



**Art.4).** Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021.

**Art.5).** Excepcionalmente as inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 8 de marzo. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta e proba. O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 12:00 horas do mércores 10. Calquera baixa non comunicada en prazo a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

**Art.6).** Participación.

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018–2019, 2020 e 2021 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, sortearanse as prazas.

**Art.7).** Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.8).** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) segundo o artigo 5 do presente regulamento. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.9).** O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de [atletismo.gal](http://atletismo.gal), para os/as adestradores/as e delegados/acreditados dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

**Art.10).** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.11).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 6 de marzo de 2021